

Resolución do 11 de abril de 2006 pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2006.

Tras a publicación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias se deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral de Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaria xeral convoca unha resolución de axudas económicas en favor de emigrantes retornados e os seus familiares que ten por obxecto a protección de situacións de carencia que puidesen derivarse do retorno.

No marco desta resolución preténdese reforzar a cobertura ao colectivo de persoas da 3ª idade que se atopen nunha especial situación de vulnerabilidade.

Estas axudas fundaméntanse en feitos de urxente atención, teñen carácter meramente paliativo e destínanse a facer fronte a aquelas causas sobrevidas derivadas do retorno, que, polas súas circunstancias, requiren dunha atención perentoria na obtención de recursos polos afectados, de tal xeito que alcancen a complementar ou aliviar a carencia de recursos. Por estes motivos e dada a súa excepcionalidade por razóns de interese social e humanitario, propónse un mecanismo de tramitación e resolución que, sen prexuízo da obxectividade da concesión e garantías na súa aplicación, faciliten a cobertura, curso e resolución sobre as peticións que se formulen.

Así mesmo, e dada a natureza e carácter das axudas, non se procederá á súa publicación segundo o disposto no artigo 18 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto e no exercicio das facultades que me confire a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo,

DISPÓNDO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas aos emigrantes galegos retornados e aos seus familiares, para atender situacións de necesidade ou pre-

cariedade económica derivadas do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Orzamento.

A concesión das axudas previstas nesta resolución de convocatoria faise con cargo á partida orzamentaria 04.50.213A.480.0 que se inclúe nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

O importe que se destinará a este programa de axudas será de catrocentos mil euros (400.000 €), quedando condicionada a concesión destas axudas ao dito límite orzamentario.

Non obstante, esta asignación orzamentaria poderá ser incrementada de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios e solicitar estas axudas:

a) Os emigrantes naturais de Galicia que tiveron o seu lugar de residencia no estranxeiro e volvesen á comunidade autónoma.

b) Os familiares das persoas indicadas no punto anterior unidos a estes por matrimonio, parentesco por consanguinidade ou afinidade en primeiro grao, ou por adopción e parentes consanguíneos de segundo grao, así como os viúvos/as ou orfos/as de emigrantes naturais de Galicia.

De existiren varios solicitantes integrados dentro dos graos de parentesco sinalados neste punto que convivan no mesmo domicilio, só un deles poderá ser beneficiario das axudas reflectidas nesta resolución.

2. Os beneficiarios anteditos deberán acreditar estar en posesión da nacionalidade española antes do retorno e ter a súa residencia en Galicia.

Artigo 4º.-Requisitos.

1. Os requisitos exixidos para poder ser beneficiarios son os seguintes:

a) Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data da súa chegada a España.

b) Ter traballado no exterior durante un período mínimo dun ano.

Quedarán eximidos deste requisito:

-Os solicitantes que teñan 65 anos ou máis na data de entrada en vigor desta resolución ou que cumpran 65 anos ao longo do ano 2006.

-Os solicitantes que teñan recoñecida unha incapacidade por un organismo público oficial español nun grao igual ou superior ao 65%.

c) Non ter transcorrido máis dun ano entre a data do seu retorno a España e a da entrada en vigor desta resolución.

d) Estar empadroado e ter residencia nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Carecer de rendas ou ingresos suficientes, computándose como tales todo tipo de rendas, mesmo as axudas, públicas ou privadas, de natureza semellante ás previstas nesta resolución.

Entenderanse como rendas ou ingresos insuficientes os que non superen o Indicador Público de Renda

de Efectos Múltiples (IPREM), fixado para o ano 2006 en 479,10 € mensuais, e relativos á renda per cápita da unidade familiar entendida tal como se sinala no artigo 5º desta resolución.

2. Quedan excluídos das axudas da presente convocatoria os beneficiarios da convocatoria de axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2005, regulada pola orde da extinta Consellería de Emigración do 1 de decembro de 2004.

Artigo 5º.-Criterios de adxudicación.

A adxudicación das axudas efectuarase, para os solicitantes aos que se fai referencia no artigo 6º.b), conforme os criterios e a gradación que se establece a continuación:

1. Situación económica per cápita mensual da unidade familiar do solicitante ponderada consonte o total de ingresos e de rendas percibidas e ao número de membros da unidade familiar, segundo o seguinte baremo:

a) Ingresos e rendas inferiores ao 50% do IPREM: 3 puntos.

b) Ingresos e rendas do 50% ao 80% do IPREM: 2 puntos.

c) Ingresos e rendas superiores ao 80% do IPREM e ata o IPREM: 1 punto.

Para estes efectos, entenderase como unidade familiar a integrada polo solicitante e, se é o caso, o cónxuxe, fillos e parentes por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o segundo grao sempre que convivan e dependan economicamente do solicitante.

Así mesmo, enténdese que hai dependencia económica do solicitante cando os ingresos mensuais percibidos por algún dos membros da súa unidade familiar sexan inferiores á contía do IPREM fixada para o ano 2006.

2. Número de fillos menores de 18 anos a cargo do solicitante: 2 puntos polo primeiro fillo e un punto mais por cada fillo a partir do primeiro.

3. Situación de discapacidade do solicitante e/ou de membros da unidade familiar que dependan economicamente del:

-Minusvalidez igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%: 1 punto por persoa.

Minusvalidez igual ou superior ao 65%: 2 puntos por persoa.

No caso de que necesite axuda de 3ª persoa para as actividades básicas da vida diaria aumentarase nun punto a valoración por persoa que se atope na antedita situación.

4. Estado de saúde do solicitante ou dos membros da unidade familiar consonte a necesidade de tratamentos médicos continuados debidamente acreditados, sempre e cando non se tivese valorado no punto 3 deste artigo: 1 punto por persoa.

5. Solicitante ou membros da súa unidade familiar que sexan vítimas da violencia de xénero: 2 puntos.

Artigo 6º.-Natureza e contía das axudas.

As axudas teñen carácter persoal, serán de pagamento único, por unha soa vez, e o seu importe establecece do seguinte xeito:

a) Para os solicitantes que teñan máis de 65 anos ou que cumpran esta idade ao longo do ano 2006 sempre que a renda per cápita da unidade familiar, entendida tal como se sinala no artigo 4º e) da resolución, sexa inferior ou igual ao IPREM: 2.500 €.

b) Para os solicitantes menores de 65 anos a contía será variable e establecerase en función dos criterios recollidos no artigo 5º desta resolución, de acordo co seguinte:

-Situación de necesidade valorada de 1 a 4 puntos: 800 €.

-Situación de especial necesidade valorada de 5 puntos, en diante: 1.000 €.

Artigo 7º.-Solicitude e prazo.

1. As solicitudes dirixiranse á Secretaría Xeral de Emigración, sita na rúa Basquiños nº 2, Santiago de Compostela, e poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación das solicitudes será desde a data de entrada en vigor desta resolución ata o 30 de setembro de 2006.

Artigo 8º.-Documentación.

1. As solicitudes presentaranse segundo modelo oficial establecido como anexo á presente resolución á que deberán achegar a seguinte documentación en orixinal ou copia debidamente compulsada:

1) DNI ou pasaporte en vigor do solicitante.

2) Documentos xustificativos da condición de galego e, ademais, en caso de alegar algunha relación de parentesco das sinaladas no artigo 3º.1 b) da resolución, acreditación documental do vínculo do solicitante co galego de orixe.

3) Libro de familia do solicitante, de ser o caso.

4) Certificación municipal emitida con posterioridade á data de entrada en vigor desta resolución que acredite a alta do solicitante no padrón do concello galego onde teña fixada a súa residencia e a convivencia dos membros da unidade familiar.

5) Certificado de emigrante retornado, expedido pola área ou dependencia de Traballo e Asuntos Sociais das delegacións ou subdelegacións do Goberno, no que conste, entre outros extremos, o tempo traballado no exterior, de ser o caso.

Para os solicitantes que retornen de países pertencentes ao Espazo Económico Europeo de non poder achegar o certificado de emigrante retornado, substituirase este pola certificación relativa aos períodos computables para a concesión das prestacións por desemprego (certificado E-301), de ser o caso.

6) Baixa consular.

7) Certificación de vida laboral expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de ser o caso.

8) Documentación acreditativa dos ingresos económicos do solicitante e da súa unidade familiar entendida como se sinala no artigo 5º.

9) Cando o solicitante sexa o cónxuxe viúvo/a ou orfo/a do emigrante galego, achegará ademais o correspondente certificado de defunción expedido pola autoridade competente do país onde se produciu o falecemento.

10) Informe médico actualizado expedido polos servizos públicos de saúde españois, en caso de alegar enfermidade.

11) Certificado expedido polo órgano competente en España que acredite o grao de minusvalidez, en caso de alegar tal circunstancia.

12) No caso de alegar ser vítima de violencia de xénero, documento oficial que acredite tal situación.

13) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas competentes, incluída no anexo da resolución.

2. Cando os documentos achegados ao expediente polos solicitantes estean nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberase presentar tradución deles a calquera destes idiomas.

3. A Secretaría Xeral de Emigración poderá solicitar dos servizos sociais comunitarios do concello onde tivese fixada a residencia o solicitante, a emisión dun informe social no que se reflicta a súa situación familiar, sociolaboral e económica co fin de valorar a oportunidade da concesión da axuda solicitada.

Os ditos servizos sociais poderán remitir este informe xunto coa solicitude e o resto da documentación necesaria para a valoración dela, sen mediar previa solicitude da secretaría xeral, cando o solicitante utilice estes servizos como apoio para a tramitación da axuda.

4. Malia o disposto anteriormente, a Secretaría Xeral de Emigración poderalle solicitar ao interesado calquera outra documentación que considere necesaria para a valoración e resolución do expediente.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, antes do derradeiro pagamento da axuda o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. Para os efectos da resolución da axuda, os solicitantes deberán comunicar, antes da notificación da resolución, calquera variación da súa situación que poida ter incidencia na súa valoración.

3. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 10º.-Emenda da solicitude.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achega a documentación exixida, a Secretaría Xeral de Emigración requirirá o interesado para que, no prazo máximo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71.1º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ditándose resolución para o efecto.

Artigo 11º.-Resolución.

As solicitudes tramitadas ao abeiro da presente resolución de convocatoria, unha vez constatada a situación de necesidade ou precariedade económica das persoas solicitantes, de acordo co disposto no artigo 5º desta resolución, serán resoltas atendendo a data da presentación delas.

Corresponderalle ao secretario xeral de Emigración a resolución destas axudas, dentro das disponibilidades orzamentarias, no prazo máximo de 6 meses, contado desde a presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-Recursos.

Contra a resolución que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolución expresa; se non o fose, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

A resolución poderá ser impugnada directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. Se non o fose, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 14º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial, das axudas públicas xunto cos xuros de demora devengados, no caso de obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, segundo o disposto no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, así como no artigo 19 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O secretario xeral de Emigración ditará, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación, no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2006.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA

PROCEDEMENTO AXUDAS EXTRAORDINARIAS A EMIGRANTES GALEGOS RETORNADOS E AOS SEUS FAMILIARES PARA O EXERCICIO 2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR905A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI / PASAPORTE	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

2.- TIPO DE SOLICITANTE (MARCAR CUN X ONDE CORRESPONDA)

☐ EMIGRANTE NATURAL DE GALICIA
☐ FAMILIAR DE EMIGRANTE NATURAL DE GALICIA. INDICAR PARENTESCO _____

3.- DATOS DA UNIDADE FAMILIAR E DOS SEUS INGRESOS (*)

	APELIDOS E NOME	IDADE	PARENTESCO CO SOLICITANTE	CONTÍA DOS INGRESOS	TIPO DE INGRESO (PENSIÓNS, SALARIOS, SUBSIDIOS, ETC)
	SOLICITANTE	_____	_____	_____	_____
OUTROS COMPOÑENTES DA UNIDADE FAMILIAR	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____

(*) Deberán incluírse neste punto todos os membros da unidade familiar nos termos do artigo 5.1). Así mesmo, especificaranse os ingresos, caso de que os teñan, dos membros da unidade familiar.

4.- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES REFERIDA AO SOLICITANTE OU AOS MEMBROS DA SÚA UNIDADE FAMILIAR

SOLICITANTE DA AXUDA	ORGANISMO COMPETENTE	TIPO DE AXUDA	DATA SOLICITUDE OU CONCESIÓN	IMPORTE
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 11 de abril de 2006 pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares, para o exercicio 2006.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

, de de 2006

Secretario xeral de Emigración

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

5.- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

DATOS DA CONTA DO/DA SOLICITANTE DA AXUDA			
TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA			NIF OU PASAPORTE
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
NOME ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL		LOCALIDADE	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, ____ de _____ de 200__

O/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE BANCARIA

**6.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE (ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA)
(MARCAR CUN X O QUE CORRESPONDA)**

- ☐ DNI OU PASAPORTE EN VIGOR DO SOLICITANTE.
- ☐ DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA CONDICIÓ DE GALEGO DA PERSOA A QUE SE FAI REFERENCIA NO ARTIGO 3.1.a) (DNI, LIBRO DE FAMILIA, PARTIDA DE NACEMENTO, ETC.).
- ☐ ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DA RELACIÓN DE PARENTESCO DO SOLICITANTE CO GALEGO DE ORIXE SEGUNDO O ARTIGO 3.1.b) (LIBRO DE FAMILIA, PARTIDA DE NACEMENTO, ETC.).
- ☐ LIBRO DE FAMILIA DO SOLICITANTE, DE SER O CASO.
- ☐ CERTIFICACIÓN MUNICIPAL EMITIDA CON POSTERIORIDADE Á DATA DE ENTRADA EN VIGOR DA RESOLUCIÓN QUE ACREDITEN A ALTA NO PADRÓN DO SOLICITANTE NO CONCELLO GALEGO DE RESIDENCIA E A CONVIVENCIA DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.
- ☐ CERTIFICADO DE EMIGRANTE RETORNADO OU CERTIFICADO E301, DE SER O CASO.
- ☐ BAIXA CONSULAR.
- ☐ CERTIFICACIÓN DE VIDA LABORAL EXPEDIDA POLA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL REFERIDA AO SOLICITANTE, DE SER O CASO.
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS INGRESOS ECONÓMICOS DO SOLICITANTE E DA UNIDADE FAMILIAR ENTENDIDA COMO SE SINALA NO ARTIGO 5.1 (COPIAS DE CONTRATO, DE NÓMINAS, DE CONCESIÓN DE SUBSIDIO, ETC.).
- ☐ SE O SOLICITANTE É O CÓNXUXE VIÚVO/A OU ORFO/A DO EMIGRANTE, CERTIFICADO DE DEFUNCIÓN DO EMIGRANTE EXPEDIDO POLA AUTORIDADE COMPETENTE DO PAÍS ONDE SE PRODUCISE O FALECIMENTO.
- ☐ INFORME MÉDICO EXPEDIDO POLOS SERVIZOS PÚBLICOS DE SAÚDE ESPAÑOIS, EN CASO DE ALEGAR ENFERMIDADE.
- ☐ CERTIFICADO EXPEDIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE EN ESPAÑA QUE ACREDITE O GRAO DE MINUSVALIDEZ, EN CASO DE ALEGAR TAL CIRCUNSTANCIA.
- ☐ DOCUMENTO OFICIAL QUE ACREDITE TER SIDO VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO, EN CASO DE ALEGAR TAL CIRCUNSTANCIA.
- ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, POLAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES, INCLUÍDA NESTE ANEXO.
- ☐ FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA, INCLUÍDA NESTE ANEXO.

7.- DECLARACIÓN XURADA**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que son certos os datos consignados nesta solicitude, carecer de medios económicos ou seren estes insuficientes para afrontar a situación de necesidade, e acepto someterme ás normas da convocatoria, facilitar a información e documentación que se solicita, de ser o caso, e permitir e facilitar o labor do persoal encargado de avaliar a solicitude.

_____, ____ de _____ de 200__

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases que rexen as axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006 e se procede á correspondente convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

No Decreto 211/2005, do 3 de agosto, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 5º a estrutura básica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta consellería conta, entre os seus centros directivos, coa Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, á cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de formación profesional, ensinanzas de réxime especial e educación de adultos, de acordo co establecido no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo cal se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como órgano da Administración autonómica responsable do exercicio das competencias e funcións en materia de políticas educativas, debe potenciar as novas tecnoloxías da información e comunicación co obxectivo de contribuír á creación de mellores condicións para o desenvolvemento económico, social e cultural, e á mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Para facilitarlles o uso das novas tecnoloxías a aqueles colectivos que teñan menor posibilidade de acceso a elas a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerou como un dos seus obxectivos proporcionarlles axudas aos alumnos de niveis non universitarios para a adquisición de equipos informáticos co obxecto de incrementar o número de fogares na comunidade autónoma que dispoñen de equipamento informático adecuado.

Esta convocatoria axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrência e publicidade na concesión das axudas e subvencións, así como ás normas básicas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo isto,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto establecer as bases para regular a concesión de axudas, en réxime

de concorrência competitiva, ao alumnado de niveis non universitarios que adquiren un ordenador persoal no ano 2006.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará as anteditas axudas con cargo á partida orzamentaria 09.03.323A.780.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cun total orzamentario de 3.000.000 €.

Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderán solicitar as axudas os pais, nais ou titores legais do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado/a no ano escolar 2005-2006 nun centro educativo sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e nun dos seguintes cursos: quinto ou sexto de educación primaria; primeiro ou segundo de educación secundaria obrigatoria.

b) Adquirir ou ter adquirido un ordenador persoal de primeira man, de sobremesa ou portátil, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2006.

c) Ser o único membro da unidade familiar para o cal se solicita a axuda.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. Os que desexen optar á axuda deberán completar, on-line, a solicitude e anexos que, como formulario electrónico, se atoparán na páxina web: <http://www.edu.xunta.es/axudasord>. Posteriormente, e sempre antes de que remate o prazo establecido no punto 2 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude impresa e anexos, debidamente asinados, no Rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos medios previstos para a presentación de instancias no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se a solicitude se remite por correo, presentárase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de proceder á súa certificación.

Rexeitarase calquera solicitude que non se formalice segundo o indicado no parágrafo anterior.

De acordo co establecido no artigo 71 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, naquelas solicitudes en que non se acheguen os requisitos sinalados, requirirase ao interesado para que nun prazo de dez días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; de non facelo, considerárase que desistiu da súa petición e arquivárase o expediente, nos termos previstos no citado artigo.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Ás solicitudes xuntaráselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante ou, de ser o caso, do NIE (número de identidade de estranxeiro).